


Forma de empregar correctamente as táboas en papel:

Imprime o documento PDF sen empregar ningún tipo de escalado para conseguir que a distancia correspondente a un século sexan 5 centímetros.



Deste xeito si 50 mm equivalen a un século, 1 mm representará 2 anos


Debes coñecer as datas de inicio e fin do acontecemento, personaxe, etapa,...que queiras representar na táboa. Unha liña representará os períodos comprendidos entre dúas datas e un punto simbolizará unha data.

Debes calcular a lonxitude que deba ter a liña e o lugar exacto no que debe aparecer mediante uns sinxelos cálculos. Vexamos un exemplo:

Para incorporar á táboa a Charles Darwin (1812 – 1882) calculamos en primeiro lugar a súa idade:

$$1882 - 1812 = 70 \text{ anos}$$

Como na nosa escala 1 mm representa 2 anos, 70 anos ocuparán 35 mm [$70 / 2 = 35$], polo que unha liña de 35 mm de lonxitude representará a vida de Darwin. Finalmente, como naceu no ano 12, o comezo da súa vida sitúase a 6 mm [$12 / 2 = 6$] á dereita da liña correspondente ó ano 1800. Trazamos a liña nese lugar e escribimos o seu nome.



Organiza os datos representados como queiras. Nas táboas organizáronse por materias e cores.

Podes resaltar a maior ou menor relevancia dos personaxes xogando co tamaño da letra dos nomes, cores, ...